

Aposta pola converxencia do mundo on e off line

**EROSKI AVANZA NA SÚA APOSTA MULTICANLE
COA AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE COMPRA
ONLINE E DOS PUNTOS DE RECOLLIDA**

- **EROSKI é o único distribuidor de alimentación que ofrece o servizo de compra *online* no conxunto das Illas Baleares logo de estender este servizo a Formentera**
- **O servizo de súper *online* de EROSKI está dispoñible xa tamén na Comunidade Valenciana, onde cubre por completo a área metropolitana da capital do Turia**
- **O 60% dos Socios Cliente de EROSKI no País Vasco e Navarra dispón xa dun punto de recollida gratuíto das súas compras online de alimentación a menos de quince minutos do seu domicilio**

Elorrio, 16 de xuño do 2016.- [EROSKI](#) avanza na súa aposta pola multicanle coa extensión do servizo de compra *online* e coa ampliación dos puntos de recollida en tenda deses pedidos. *"Apostamos pola converxencia entre o negocio tradicional e o dixital para lle ofrecer ao consumidor, que se quere mover indistintamente no mundo on e off line, unha experiencia de compra sen fisuras, adaptada ás súas necesidades"*, sinalou a directora de comercio electrónico de EROSKI, Mari Mar Escrig.

EROSKI estendeu recentemente o seu servizo de supermercado *online* a Formentera, converténdose no único distribuidor que ofrece este servizo no conxunto das Illas Baleares (Mallorca, Menorca, Ibiza e Formentera). Os pedidos sérvense a domicilio e mais nos amarres dos portos. O supermercado, na liña seguida polas tendas físicas de EROSKI, inclúe unha ampla oferta de alimentos locais. Ademais, ofrece unha resposta aos visitantes e residentes estranxeiros nas Illas Baleares cunha variada gama de comida internacional.

O servizo de supermercado *online* de EROSKI está dispoñible xa tamén na Comunidade Valenciana, onde cobre por completo a área metropolitana da capital do Turia. *"A extensión do servizo de pedido online será progresiva na Comunidade Valenciana. Os primeiros clientes valencianos que probaron o supermercado online EROSKI, durante os test realizados, destacan a calidade dos nosos frescos e a*

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

liberdade de elección con ampla variedade de marcas líderes de fabricante, de marca propia e de produtos locais valencianos”, destacou Mari Mar Escrig.

EROSKI trasládalle ao seu súper online a ampla variedade dunha gran tenda ‘contigo’, dándolle a posibilidade ao cliente de indicar como quere que se lle preparen os produtos de chacinería ao corte, peixería, froita e carne. Como en calquera tenda física de EROSKI, os grandes protagonistas son os alimentos frescos, fundamentais para unha alimentación saudable. *“O 75% dos clientes do supermercado EROSKI online en España mercan frescos a través de internet, unha cifra moi destacable no sector e que amosa a súa confianza na calidade dos frescos de EROSKI”,* indicou a directora de comercio electrónico da cooperativa.

Un súper para o consumidor de hoxe

Os clientes poden acceder ao supermercado online desde a web e desde a *app* EROSKI Súper, que se pode descargar gratuitamente en Google Play e mais na App Store. A aplicación permítelle ao usuario realizar a compra semanal desde o móbil en calquera momento e lugar en menos de quince minutos, permitíndolle mesmo mercar escaneando co móbil os códigos de barras dos envases.

O súper *online* de EROSKI conta con servizo de entrega de luns a sábado. A compra pódese realizar dun día para o outro e ata con tres semanas de antelación á data de entrega.

EROSKI online ofrécelle ao usuario total garantía en materia de seguridade nas transaccións, avalado polos certificados de confidencialidade oficiais. Ademais, garante a transmisión segura dos datos persoais do cliente e a súa absoluta confidencialidade.

Extensión dos servizos de recollida *Drive* e *Collect*

A cooperativa estendeu nas últimas datas os seus servizos *Click & Drive* e *Click & Collect* a Álava e Navarra. Deste xeito, o 60% dos Socios Cliente de EROSKI no País Vasco e Navarra dispón dun punto de recollida a menos de quince minutos do seu domicilio. *“Os consumidores valoran sobre todo a posibilidade de facer pedidos e recollelos o mesmo día gratuitamente e a confianza que lles suscita a marca EROSKI á hora de mercar alimentos frescos”,* explicou Mari Mar Escrig.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Os servicios *Click & Drive* e *Click & Collect* permítenlles aos consumidores facer o seu pedido en calquera momento e lugar a través do ordenador, tableta ou móbil e recollelo no mesmo día co seu vehículo (*Drive*) ou no establecemento (*Collect*) no camiño á casa. *“O 20% dos usuarios destes servizos son novos na canle. Na actualidade contamos xa con máis de 25 puntos de recollida no País Vasco, Navarra, Galicia e Cataluña. Antes do verán esperamos poñer en marcha un novo punto Collect en Galicia”*, detallou a responsable de comercio electrónico de EROSKI.

Máis de seis millóns de usuarios *online*

EROSKI *online* ofrécelles aos seus máis de seis millóns de usuarios 15.000 referencias nas categorías de alimentación, frescos, bebidas, hixiene e beleza, limpeza e mascotas. *“Priorizamos a amplitude de gama para lle dar unha maior liberdade de elección ao consumidor que volve apreciar as novidades e os produtos locais”*, en palabras de Mari Mar Escrig.

O supermercado online de EROSKI ten unha traxectoria de 17 anos e dá servizo nas principais cidades españolas, como Madrid e Barcelona, e mais no País Vasco, Navarra, A Rioxa, Cantabria, Galicia, Baleares, Tarragona, Zaragoza, Huesca, Málaga, Guadalaxara, Toledo, Cáceres e Ceuta.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)